

Actividades musicais:

- **Facer música co corpo**, o que se chama “body percussion”, creando sons cas palmas, palmeando nas pernas ou noutras partes do corpo, cos pes, etc

- Experimentar cos sons da boca tentando diferenciar as vogais longas e curtas, abertas e pechadas, tapando o narís, asubiando...cantar algunha canción coñecida cunha soa vocal, alternando coas 5 vogais, tedes un exemplo

<https://www.youtube.com/watch?v=NfJHrkIXEGU>

- Para traballar os sons cos silencios poderase usar cancións como a de Miliki “Mi barba tiene tres pelos” ou calquera, outra substituíndo progresivamente as palabras por silencios

- Imitar os sons do contorno, dos animais, dos electrodomésticos, xogar con onomatopeias..supoñendo que estamos no parque, no campo, nun bosque ou fronte ó mar, adiviñar que son estamos a imitar...etc.

- escoitar sons reais do contorno, naturais ou artificiais e describilos cas súas propias palabras para sermos máis conscientes do que nos rodea e ampliar as habilidades lingüísticas.

- Bailar. Hai moitas razóns para bailar cos nosos fillos: é un exercicio divertido e fortalecedor e axuda a desinhibirse, cancións como as de:
 - Uxia Lambona
 - Mamá cabra.
 - Cantajuegos
 - El zoo de los animales.
 - E todas aquelas do gusto dos nenos

- **Xogos musicais**, por exemplo o xogo das cadeiras no que ó parar a música se sentan todos..

- **Traballo con ritmos**: palmeaar as sílabas de diferentes palabras, pódese comezar polo máis preto, o seu nome...improvisar ritmos, marchar ó ritmo dun tambor ou pandeiro

- **Traballo de experimentación acústica:** adiviñar cos ollos pechados de onde procede un son ou unha música, recoñecer diferentes ruídos producidos por obxectos cotiás ou da natureza, deixar caer distintos materiais e notar a diferenza dos son que producen, etc

- **Inventar ou construír instrumentos de refugallo:**

- Aquí deixámosvos algunhas páxinas con ideas
<https://saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en-casa/manualidades-para-ninos/instrumentos-hechos-con-materiales-reciclados/>

<https://agustoencasa.com/instrumentos-musicales-caseros/>

<https://instrumentosmusicales10.net/caseros-para-ninos>

- **Tambor demán**



Video tutorial:

<https://youtu.be/lxyVAge4Izg>

- **Maracas:**

- Ovos de plástico.
- Culleres de plástico.
- Cinta de papel.
- Graos de millo, arroz...

Abre cada ovo e introduce os graos. Con axuda de cinta adhesiva colle un ovo e pega dúas culleres ao seus entremos. E despois darlle un toque personalizado decorándoo con mais che guste



- **Palo de chuvia.** So tedes que conseguir tubos de papel hixiénico ou papel de cociña, graos de garavanzo ou café, tapóns de plástico, rotuladores para decorar e cinta adhesiva de cores (aislante).



- **Pandeireta**

Neste caso necesitas dous pratos de cartón o plástico, cascabeis, cinta de lazo de cores



- **Castañolas de cartón**

Para facer uns na casa so debes debuxar nunha caixa de cartón a forma, logo recortámola e no seu centro pega dúas tapas de plástico. Remata decorando o teu gusto.

